Descripción do percorrido:

Seguimos coñecendo a fermosa provincia de Ourense, esta vez imos ao Concello de Xunqueira de Ambía.

Na nosa andaina acompañarannos socios do Club Asaltamontes, que son os que manteñen limpo e transitable o percorrido que imos facer.

Tomaremos café no pobo de Xunqueira.

Entre casas señoriais e a Colexiata de Santa Maria a Real, que visitaremos ao rematar a andaina, encamiñámonos cara a un estreito sendeiro que nos levará ao río Arnoia; durante un treito siguiremos pola sua marxe esquerda, atopándonos con fermosos recunchos.

Rodeados de carballeiras e senlleiros castiñeiros, pasaremos por varios pobos, nos que atoparemos fontes con auga ben boa e fresquiña; comprobaredes que por elas non pasou a A lei da Memoria Histórica

O primeiro pobo polo que pasamos é A Acea,e de aquí, encamiñámonos ao Alto da Acea, xacemento Castrexo de forma elíptica, situado a unha altitude de 561 metros na divisoria dos concellos de Baños de Molgas e Xunqueira de Ambia. Na zona que está escavada podese ver que habia varias edificacións, muros de estructuras castrexas e o mais curioso, un canastro.

Continuamos cara a Cruz da Farria, pasando primeiro polo pobo de Covelo e de camiño a Suatorre, veremos unha fonte senlleira: a auga do cano cae sobre un sartego.

En Suatorre algunhas construccións están enriba de grandes penedos. O siguinte pobo é o Calvario.

Pouco a pouco imos subindo observando como vai cambiando a paisaxe. Agora temos fermosas vistas cara ao val onde está o pobo de Maceda e o Santuario da Virxe dos Milagros, así como a Serra de Meda e a Serra de San Mamede.

Ao acadar o cume as nosas vistas vanse ampliando; xa podemos ver a gran chaira da Lagoa de Antela (hoxe por desgraza canalizada e contaminada), e o Val da Limia ata o Xures.

A Cruz da Farria está moi perto do vertice xeodésico (834 m), è unha cruz de pedra chantada no alto dun promotorio rochoso. Din que foi levada alí despois de que unha treboada estragara a comarca de Ambía, e puxérona enriba dun penedo do que decían que debaixo estaba a Cova da Moura (patrimoniogalego.net)

Agora toca baixada, primeiro cara ao pobo da Farria, nel atoparemos unha fonte que a súa auga está catalogada entre as 10 mellores de Galicia, pasamos Requeixo e de aquí voltamos ao pobo de Xunqueira de Ambia, onde remata a nosa andaina.

En Xunqueira visitaremos o Mosteiro e a Colexiata de Santa Maria a Real que data do século XII (ver Colegiata de Xunqueira de Ambia en Galicia Enteira), nela destaca o órgano do século XVIII. Nesta colexiata celébranse concertos ao longo do ano.

O 10 de agosto, o clube Asaltamontes de Xunqueira organiza un trail e unha andaina pola zona que imos percorrer.

MIDE				Ruta da Cruz da Farria
horario	5h 25'		1	severidad del medio natural
desnivel de subida	698 m		3	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	698 m		3	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	15,7 Km		3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular			

Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.

Calculado sobre datos de 2019.

PROXIMAS ACTIVIDADES 2019)

- ✓ Abril 18/21: Noja-Cantabria (S. Santa) CA
- ✓ Abril.- 28: Ferrolterra C
- ✓ Maio.- 12 : Entre Fervenzas (Rios Castro e Belelle) C
- ✓ Maio.- 16/19: Os pasadiços de Paiva y otra PT
- ✓ Xuño.- 2: Serra do Candan (2º Asalto) PO
- ✓ Xuño.- 22/24: Picos de Europa (Pendiente definir) AS
- ✓ Xuño.- 30: Illa de Salvora (Pedestre e Maritima)
- ✓ Xullo.- 14: Polas Fragas do Eume + Piraguas C
- ✓ Xullo.- 25 : Saida Internacional a Slovenia
- ✓ Setembro.- 15: S. Andres de Teixido a Teixedelo C
- ✓ Setembro.- 28/29: Os Povos Promiscuos Portugal PT
- ✓ Outubro.- 6: Entre Penedos(Pasarela, e Mórdomo) C
- ✓ Outubro.- 20: Ruta megalitica por Corrubedo C
- ✓ Novembro.-1-3: O' Courel do Poñente LU
- ✓ Novembro.- 17: Pola contorna do Tambre e Trazo C
- ✓ Decembro.- P.C. Ponferrada (Montes Aquilanos) LE

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



7 de ABRIL de 2019

RUTA DA CRUZ DA FARRIA

XUNQUEIRA DE AMBIA

(Ourense)

16 kms.


A Ponte de Pedra
Santa Eufemia
Meván
A Acea
Río
San Xillao
OUR-CV-1D
Ponte Romano
Fondodevila
O Viñal
As Edreiras
Vilares
O Rego
Vilameá
Cachaceira
As Penas
Pazos
Alto da Acea
As Berlangas
Outeiro dos Picouros
CP-3
Suatorre
Calvario
Regalo
Xunqueira de Ambía
(Santa María a Real)
Covelo
O Rosario
Acevedo
Alto do Portelo
Monte da Cruz de Ambía
Ambiete
As Fontes
A Malpe
O Pontón
Requeixiño
OUR-CV-26
Monte da Farria
Farria
834
Piedra
Monte do Santo
A Farria
Monte de Poedo
Chao das Poza
Xunqueiroá
Quintela
As Corguiña
Poedo
(Sta. María)
Gráfico: min., media, máx. Elevación: 455, 609, 824 m
Total de intervalo: Distancia: 15.8 km Incremento/pérdida de elevación: 698 m, -698 m Pendiente máxima: 28.0%, -38.8% Pendiente media: 7.4%, -8.3%
824 m
750 m
700 m
650 m
600 m
550 m
500 m
455 m
540 m
2.8%
15.7 km
2.5 km
5 km
7.5 km
10 km
12.5 km